

NOTIFICACIÓN

Expediente	2022025991
Asunto	PROCESO SELECCION SOCORRISTAS SUBVENCIÓN XUNTA

Con data de 13/07/2022 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 13/07/2022 e que literalmente transcrito di:

“A xefatura territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade emitiu unha resolución o 10 de maio de 2022 pola que se outorga unha subvención ao Concello de Ferrol para o "Servizo de socorrismo e salvamento nos areas de Ferrol. Campaña 2022". Procedemento: TR351A: programa de fomento do emprego en colaboración coas EELL (expediente: TR351A 2022/000060-1).

Por unha cuestión de prazos así como da posible dificultade para captar candidatos, e dados os criterios e requisitos establecidos na Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro), remitiuse unha oferta xenérica ao Servizo Publico de Emprego.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes proponse a concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar a relación definitiva de **persoas admitidas** que é a seguinte:*

NOME	DNI	CERTIFICADO MEDICO
DIAZ RODRIGUEZ ANDRES	***9757**	SI
FERNANDEZ ARMADA ALEJANDRO	***0835**	SI
GOMEZ GOAS AITOR	***1221**	SI
VARGAS FRAGA ALBERTO	***3749**	SI

Segundo.- *Nomear como membros do Tribunal de selección as persoas que de seguido se relacionan:*

Presidente: Santiago Troitiño Guerrero cabo de bombeiros

Secretario: Leopoldo Tomás Moure García, secretario xeral do Concello

Suplente: Paula Vazquez Carrasco, oficial maior do Concello

Vogais:

Enrique Suárez Díaz, cabo de bombeiros

Borja Caneiro Martínez, cabo de bombeiros

Alejandro Fernández Carballeira, bombeiro

O tribunal poderá contar con persoal asesor.

Terceiro.- *A constitución do Tribunal e a avaliación da fase de concurso terá lugar o vindeiro xoves día 21 deste mes ás 09:00 horas na sala de reunións deste Concello.*

Cuarto.- *As probas físicas terán lugar o mesmo día 21 ás 12.10 horas no complexo deportivo de Caranza, Polideportivo Javier Gómez Noya, sito na rúa Pardo Bazán, 60 desta cidade.*

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña,

Decreto.- *Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.”*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral